

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2024

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a promoción do deporte.

Dentro deste marco normativo, dende a Concellería de Deportes se promove un ano máis esta convocatoria de subvencións ao obxecto de favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, no marco xurídico definido polas presentes Bases, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 de 10 de novembro de 2004), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A concesión destas subvencións efectuarase conforme cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, consonte coas seguintes,

BASES

1. OBXECTO.

1. É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades deportivas sen ánimo de lucro e deportistas de élite do Concello de Cambados.

2. A finalidade desta convocatoria é favorecer o desenvolvemento das actividades deportivas no Municipio, a través do financiamento de campionatos e eventos deportivos, así como outras actividades desenvolvidas polos clubs ou asociacións de carácter deportivo que fomenten a actividade física e deportiva no Municipio. Así mesmo, incorpórase unha liña de axudas específica para deportistas de élite do municipio, coa finalidade de contribuír a financiar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

2. - GASTOS SUBVENCIONABLES

Subvencionaranse actuacións levadas a cabo entre o 16 de novembro de 2023 e o 15 de novembro de 2024, sendo os gastos subvencionables os seguintes:

A) Axudas a entidades deportivas:



1. Son gastos subvencionables aqueles directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, derivados da organización e desenvolvemento de actividades deportivas.

Especificanse como subvencionables os gastos de seguros, arbitaxes, transportes, premios, vestiario, material deportivo e equipamento necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

2.- Especificamente quedan excluídos, isto é, non se consideran gastos subvencionables, os derivados de comidas por xuntanzas, e en xeral, gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos. Quedan expresamente excluídas así mesmo as actividades relativas á caza e tauromaquia ou calquera actividade onde se maltrate ou torturen animais e gastos para agasallos ou premios que impliquen alcohol.

B) Axudas a deportistas de élite:

Son gastos subvencionables aqueles ocasionados pola participación en campionatos ou eventos deportivos federados.

Especificanse como subvencionables os gastos de licenzas, desprazamento e manutención, vestiario, material deportivo e equipamento, relativos en todo caso ao beneficiario da axuda.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

1. A contía prevista no Orzamento Municipal 2024 para esta convocatoria de subvencións e que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir, ascende a 80.000,00 €, sendo a aplicación orzamentaria a 3410.48900.

Dentro deste importe total da convocatoria, destinaranse para a liña de axudas a deportistas de élite un máximo de 1.500,00 €.

2. A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos nas presentes bases e do número de solicitudes, non podendo ser o importe da subvención percibida individualmente por calquera das entidades superior a un 25% da contía consignada para o total da aplicación orzamentaria.

3. Poderá subvencionarse ata o 80% do custo da actuación solicitada.

4. En ningún caso a subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Para ese efecto os solicitantes deberán declarar todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

4.- BENEFICIARIOS

A) Axudas a entidades deportivas:

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.



- Ter o seu domicilio social no termo municipal de Cambados e figurar inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións, ou non tendo o domicilio no termo municipal afecten dun modo directo a colectivos ou intereses deste Concello.
- Desenvolver as súas actuacións no ámbito territorial do municipio.
- Ser un club deportivo adicado a práctica do deporte federado. Ou ser unha asociación deportiva vinculada a competición e organización de regata de dornas tradicionalmente recoñecidas no municipio de Cambados.
- Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na Lei.
- Estar ó corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, Facenda galega, coa Seguridade Social e co Concello de Cambados.

B) Axudas a deportistas de élite:

Poderán ser beneficiarios todos/as os/as deportistas que cumpran e acrediten os seguintes requisitos

- Estar empadronado no Concello de Cambados como mínimo con dous anos de antigüidade á data da presente convocatoria. Este dato será comprobado de oficio pola propia administración.
- Ser membro ACTIVO dunha selección oficial que pertenza a una federación oficial (galega ou española). Este requisito deberá acreditarse mediante escrito da federación, asinado de forma oficial, que demostre que son membros activos do equipo.
- Estar activo en competicións de ámbito nacional e internacional. Este requisito deberá acreditarse mediante documentos probatorios como ranking, fotografías e documentos oficiais das correspondentes federacións.
- Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na Lei.
- Estar ó corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, Facenda galega, coa Seguridade Social e co Concello de Cambados.

5.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes de subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cambados a través da sede electrónica municipal, ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. O citado artigo impón a mesma obriga a quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

2. As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentaranse segundo modelo de solicitude (Anexo I) e anexos normalizados, debendo presentar a seguinte documentación:



- a) Descrición o máis detallada posible da actividade/s a desenvolver, e dos gastos e ingresos previstos para a súa realización (pódese cubrir no propio Anexo I ou aportar memoria independente).
- b) Acreditación do representante da Asociación (Anexo II.1) e copia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada. Este anexo non hai que aportalo no caso dos solicitantes deportistas de élite.
- c) Copia do CIF da Asociación ou DNI do deportista solicitante.
- d) Declaración de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo II.2).
- e) Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).
- f) Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

6.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As entidades interesadas poderán solicita-las subvencións no prazo de **quinze días naturais**, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, coas seguintes especialidades:

1. Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula quinta, as solicitudes de subvencións se trasladarán ao departamento responsable que deberá comprobar que os solicitantes presentan correctamente tódolos documentos esixidos e compren as condicións impostas para poder adquirir a condición de beneficiario.

2. As solicitudes que incumpran os requisitos documentais sinalados no apartado cuarto destas bases, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a emenda e mellora da solicitude: "Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que, nun prazo de dez días naturais emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución."

3. Sobre estes extremos, e a maior brevidade posible, emitirán un informe no que conste detalle da avaliación e unha proposta de resolución, segundo os **criterios de reparto** que se especifican a continuación:

A) Axudas a entidades deportivas:

- Nivel de actividade-competición (federada ou non federada e categoría na que participa) (ata 10 puntos).
- Número de licenzas federativas e de equipos federados (ata 10 puntos).



- Número de inscritos nas escolas deportivas (categorías de pre-benxamín ata júnior-xuvenil) (ata 10 puntos).
- Ámbito xeográfico onde se desenvolve a actividade (distancia de desprazamentos) (ata 10 puntos).
- Implicación financeira da entidade e número de socios (ata 5 puntos).
- Promoción deportiva (aquelas entidades que organicen actividades ou competicións deportivas para promocionar o seu deporte) (ata 5 puntos).
- Currículo deportivo da última temporada de cada asociación ou clube (ata 5 puntos).

B) Axudas a deportistas de élite:

- Pertencer a selección galega (5 puntos)
- Pertencer a selección Española (10 puntos)
- Ser medallista Nacional (5 puntos)
- Ser medallista Europeo (10 puntos)
- Ser medallista internacional (15 puntos)
- Adestrar nun clube local (5 puntos)
- Estar federado nun clube local (15 puntos)

4. O Concello poderá requiririlles ás entidades ou persoas solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos solicitantes.

5. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe-proposta de técnico municipal da Concellería competente.

O outorgamento das subvencións terá carácter voluntario e a Xunta de Goberno Local poderá revocalas ou reducilas en calquera momento. En ningún caso poderán ser invocadas como precedente.

6. O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

7. O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Serán obrigas dos beneficiarios:

a) Realiza-las actividades obxecto de subvención. Calquera cambio deberá ser comunicado previamente por escrito para poder ser admitido.



- b) Someterse ás actuacións de comprobación por parte do concello e as de control financeiro que corresponde á Intervención municipal, así como facilita-la información que o Consello de Contas de Galicia lles requira.
- c) Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento da Concellería de Deportes do Concello de Cambados. No caso das axudas aos deportistas de élite, deberán levar os logos da concellería de deportes e nomear en publicación ao concello de Cambados.
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza dita concesión.
- e) Convidar o evento as autoridades correspondentes (alcalde/sa e concelleiro/a).

9.- XUSTIFICACIÓN

1. A subvención que conceda o Concello de Cambados poderá financiar ata o 80% do custo da actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique un gasto inferior á cantidade concedida, aboarase a parte proporcional da subvención.

2. Ata o día **30 de novembro** (inclusive), os beneficiarios deberán presentar a xustificación da subvención concedida, segundo os formularios previstos, debendo acompañar a seguinte documentación:

- Instancia asinada polo Presidente da entidade ou persoa beneficiaria na que se solicite o seu abono no número de conta corrente indicada na solicitude (Anexo III).
- Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o Anexo IV.
- Facturas ou outros documentos xustificativos dos gastos efectuados, debendo estar expedidos ó nome da entidade e estar datadas no período subvencionable. Non se admitirán recibís por gastos de desprazamento nin albaráns. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no regulamento de facturación, debendo conter como mínimo:
 - ✓ Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - ✓ Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - ✓ Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
 - ✓ Descrición do servizo ou subministro prestado.
 - ✓ Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
 - ✓ En todas as facturas se deberá achegar **xustificante de cargo bancario** ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “**pagado**” e **selo da empresa ou sinatura** do representante da empresa que a expide).
- Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo V.
- Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no Anexo VI.
- Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

3. De non presentala xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente e emendable, o Concello requirirá a asociación no prazo de 10 días naturais, para que emende os defectos apreciados. Si transcorrido dito prazo, non



se producira a emenda requirida, tal feito ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia o impago da mesma.

10. SEGUIMENTO

O persoal técnico do departamento responsable será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpore ao expediente coas contas xustificativas e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.

11. ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas, informadas e aprobadas polo órgano competente.

12.- NORMA FINAL

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Cambados vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



ANEXO I

FORMULARIO SOLICITUDE SUBVENCIÓN

Dn/Dona _____ como
representante da entidade/asociación _____
con N.I.F nº _____ e con domicilio a efecto de notificacións na
rúa _____ nº _____ localidade _____ C.P _____.
Teléfono/s _____
Correo electrónico _____

SOLICITA a concesión dunha subvención por importe de _____ € para o
desenvolvemento da actividade: _____.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

Finalidade e características:
Persoas destinatarias:
Lugar:
Data prevista:

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO:

Custo total previsto:	
Contribución prevista da Asociación/entidade (cotas socios....):	
Subvención solicitada ó Concello	
Subvencións solicitadas a outras Administracións	
Outras achegas previstas	

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

EQUIPO	Nº EQUIPOS	Nº DE FICHAS	CATEGORIAS NAS QUE XOGAN
SENIOR MASCULINO			
SENIOR FEMININO			
JUNIOR/XUVENIL			



MASCULINO			
JUNIOR/XUVENIL FEMININO			
CADETE MASCULINO			
CADETE FEMININO			
INFANTIL MASCULINO			
INFANTIL FEMININO			
ALEVIN MASCULINO			
ALEVIN FEMININO			
BENXAMÍN MASCULINO			
BENXAMÍN FEMININO			
PRE-BENXAMÍN MASCULINO			
PRE-BENXAMÍN FEMININO			

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

1. Acreditación do representante da Asociación (**Anexo II.1**) e fotocopia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada. Este anexo non hai que aportalo no caso dos solicitantes deportistas de élite.
2. Copia do CIF da Asociación ou do DNI do deportista solicitante.
3. Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (**Anexo II.2**).
4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).
5. Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

Cambados,..... dede 20.....

(Sinatura)

Sr. Alcalde/sa-Presidente do Ilmo. Concello de CAMBADOS.



ANEXO II.1

MODELO ACREDITACIÓN DE REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./D^a. _____ con D.N.I _____
en _____ calidade de Secretario/a da _____
entidade _____
_____ con C.I.F _____

CERTIFICA:

Que D./D^a. _____ con D.N.I _____
en _____ calidade de (cargos que ostenta na Asociación)
_____ ostenta a representación da entidade para
solicitar perante ó Concello de Cambados a concesión dunha subvención ó abeiro da
convocatoria de subvencións á entidades deportivas sen fin de lucro para o ano 2024,
e cumprimentar todos os trámites que sexan requiridos ó efecto.

E para que así conste, certifico en Cambados a _____ de
_____ de 20_____.

O/A Secretario da Entidade

(Sinatura)

O/A Presidente da Entidade

(Sinatura)



ANEXO II.2

Don/Dona _____ como
representante da entidade/asociación _____
con N.I.F nº _____.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

(Entidades) Que a asociación/entidade _____
encontrase ó corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Cambados, e
que non se encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición
para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención,
previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

(Deportistas) Que me encontro ó corrente nas obrigas tributarias co Concello
de Cambados, e que non estou incurso en ningunha das circunstancias de
prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou
subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

E para que así conste, para os efectos legais de poder obter a condición de
beneficiario e posteriormente proceder ao cobro da subvención correspondente, asina
a presente declaración, comprometéndose a comunicar calquera variación das
circunstancias anteriormente declaradas.

Cambados,..... dede 20.....

(Sinatura)



ANEXO III

SOLICITUDE DE ABONO DE SUBVENCIÓN

Don/Dona _____ como
representante da entidade/asociación _____
con N.I.F nº _____.

EXPÓN: Que foille concedida unha subvención polo Concello de Cambados por importe de _____ €, para o desenvolvemento da actividade:
_____.

Para a súa xustificación, apórtase a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o **Anexo IV**.
1. Facturas dos gastos efectuados. Con todas as facturas se achega **xustificante do cargo bancario ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada** (palabra específica “**pagado**” ou “**recibín**” e **selo** da empresa ou **sinatura** do representante da empresa que a expide).
2. Declaración responsable segundo modelo establecido no **Anexo V**.
3. Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no **Anexo VI**.
4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

Por todo o cal, **SOLICITO:** O abono da subvención concedida, debendo facerse o seu ingreso na conta bancaria indicada na solicitude.

Cambados, dede 20.....
(Sinatura)

Sr. Alcalde/sa-Presidente do Concello de Cambados.



ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona.		D.N.I.:	
Representante da Entidade		C.I.F.:	

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e comprenden coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
1. Que a actividade subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
3. Que os ingresos obtidos para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
4. Que ten solicitada, concedida e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Cambados.

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
	€	€

Marcar cun X no recadro no caso de non ter solicitado ningunha subvención para o desenvolvemento do proxecto

Cambados, de de 20.....
(Sinatura)



ANEXO VI

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:	
Nº DE USUARIOS/BENEFICIARIOS:	
DATA DE INICIO:	DATA DE REMATE:
RESUMO ECONÓMICO	TOTAL GASTOS
	TOTAL INGRESOS:
FONTES DE FINANCIAMENTO	Subvención municipal:
	Xunta:
	Deputación:
	Socios/as:
	Donativos:
	Recadación veciñal:
	Outros (especificar cales):
OBXECTIVOS PREVISTOS:	
OBXECTIVOS ACADADOS:	

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos relacionados no presente Anexo.

En.....a.....de.....de 20.....
(Sinatura)

